



VILA 



CARACTERÍSTICAS XERAIS

Vila é unha gama de luminarias de aluminio de deseño clásico que se integra á perfección en entornos urbanos, tanto en centros históricos como en rúas residenciais. A súa composición de chapa de aceiro galvanizado soldada e o recubrimento superficial de pintura de poliéster en po, adherida electrostáticamente, confírelle unha protección excelente anticorrosión e fai apropiado o seu uso en condicións climáticas adversas.

A luminaria conta cun sistema óptico único, formado por un reflector de plástico anodizado que xunto coas lentes especiais proporcionan unha distribución de luz eficaz, sendo posible equipar aos LEDs con diferentes lentes que proporcionen curvas fotométricas adaptadas a cada situación. O uso de LEDs de gran calidade dun dos fabricantes líderes do sector, CREE, encapsulados para unha óptima transferencia de calor e mantemento das súas propiedades lumínicas, fai que a luminaria teña unhas excelentes prestacións ópticas. Ademais, o seu difusor de vidro temperado incrementa o ángulo de apertura do fluxo lumínico proporcionando una maior área de cobertura, mantendo unha elevada uniformidade.

Tanto o grupo óptico como o compartimento de equipos electrónicos, contan cun peche perimetral selado con xunta de silicona de elevada durabilidade e con parafusos especiais que proporcionan unha protección completa fronte á entrada de auga e po, obtendo un índice de protección IP66. A luminaria inclúe de serie un dispositivo de protección contra sobre tensións.

A montaxe da luminaria é en vertical e a altura típica de instalación sitúase entre os 4 e os 6 metros.

ÁREAS DE APLICACIÓN

Iluminación de rúas en cidades e núcleos rurais, áreas residenciais, áreas peonís, parques...

REGULACIÓN E CONTROL

A regulación da potencia da luminaria pódese facer a través de equipos externos mediante as entradas de control do driver 0/1-10V ou DALI ou pódese integrar no propio driver a través de programacións temporizadas de dobre nivel, multinivel (normal ou midnight) ou fluxo constante. A luminaria dispón opcionalmente dun interface que permite acoplar un dispositivo Zigbee para a telexestión da luminaria. Opcionalmente tamén se pode engadir un sensor de movemento PIR no corpo da luminaria.

COMPOÑENTES

LED As luminarias VILA de ISOSI empregan como fonte de luz leds LUMILEDS serie 3030 2D ou 5050, que proporcionan unha excelente eficiencia lumínica, unha duradeira estabilidade e unha visión espléndida. Cada led dispón de protección electroestática reducindo ao máximo a probabilidade de danos.

www.lumileds.com

DRIVER A gama de luminarias VILA emprega drivers INVENTRONICS serie EBC/EBD, ou MEANWELL da serie HLG garantindo unha óptima estabilidade, duración e rendemento.

www.inventronics-co.com

www.meanwell.com



INVENTRONICS



ESPECIFICACIONES ELÉCTRICAS

REFERENCIA	IS610P030	IS610P040	IS610P050	IS610P060	IS610P080
Potencia	30W	40W	50W	60W	80W
Tensión nominal	100 ~ 277VAC, 50/60Hz				
Corrente máxima	AC 0,16A @ 240V	AC 0,21A @ 240V	AC 0,26A @ 240V	AC 0,32A @ 240V	AC 0,41A @ 240V
Temp. funcionamiento	-40°C ~ +50°C				
Factor de potencia	> 0,95				
Rendemento driver	> 90%				
THD	< 10%				
Regulación	0/1-10V, DALI ou Multinivel, (Opcionalmente outros modos de regulación e telexestión)				
SPD	6kV integrado no driver, 10kV externo (Opcionalmente 20kV)				


ESPECIFICACIONES FOTOMÉTRICAS

Fluxo lumínico	4.200lm (3030 2D) 4.950lm (5050) (± 5%)	5.600lm (3030 2D) 6.600lm (5050) (± 5%)	6.500lm (3030 2D) 8.000lm (5050) (± 5%)	8.400lm (3030 2D) 9.900lm (5050) (± 5%)	11.200lm (3030 2D) 13.200lm (5050) (± 5%)
Vida útil	>100.000 horas (L ₇₀ a 25°C)				
CRI	> 70				
CCT	3.000 ~ 5.700K (Opcionalmente 2.200K)				
Fotometría	1M, 2M, 3M, 5S (ver curvas)				


ESPECIFICACIONES MECÁNICAS

Nº de módulos	1	1	1	2	2
Índices de protección	Ip66, IK10, Clase I (Clase II opcional baixo pedido)				
Material	Luminaria: Aluminio / Disipador: Aluminio anodizado / Lentes: PC				
Cor	Negra (RAL9005). Outros acabados baixo pedido e tratamento especial anticorrosión salina opcional				
Montaxe	Horizontal ou vertical, ángulo axustable: 0-5-10-15°				
Apertura	Sen ferramentas, por medio dunha única pestana				
Accesorios	Adaptador para 33mm ou para 48mm (Opcionais)				

FOTOMETRÍA




DIMENSIONES



*dimensiones en mm.

Potencia (W)	40	60
Peso (kg)	5,5	5,7

EMPAQUETADO



Potencia (W)	40	60
Peso (kg)	6,3	6,5